

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2024**

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 13:40 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

### **ASISTENTES:**

#### Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

#### Concelleiros/as:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).

Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE).

José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Jose Luis Rodríguez Ares (PSdeG-PSOE).

Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto).

#### Non asiste:

#### Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

## **ORDE DO DÍA**

## **PARTE RESOLUTIVA**

## **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO 8 DE NOVEMBRO DE 2024.**

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia preguntáse aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da acta da sesión extraordinaria do 8 de novembro de 2024.

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (8: ): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE), , Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que quedan aprobado o borrador da acta da sesión extraordinaria do 8 de novembro de 2024.

## **2.-ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE SOBRADO .**

A continuación dáse conta ao Pleno da proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE: 2024/P002/000002

PROPOSTA DA ALCALDIA

Asunto: Elección de Xuíz de Paz titular do Concello de Sobrado

Dada conta do escrito da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 17 de setembro de 2024 con RE 20240000001431 de 24 de setembro de 2024, no que se comunica qu estando próximo a vencer o período de 4 anos polo que se nomeou Xuíz de Paz titular para que no prazo de 3 meses se inicie novo expediente para elixir Xuíz de Paz Titular.

Consecuencia de tal escrito, por este Concello, iniciouse expediente con remisión de edicto o Boletín Oficial da Provincia, o cal saíu publicado no Boletín nº 194 do 8 de outubro de 2024, outorgándose un prazo de quince días para que os interesados presentasen a oportuna solicitude .

Durante dito prazo se presentaron dentro do prazo as seguintes solicitudes:

- Núm. de rexistro de entrada: 202400000001587 de 18.10.2024.Nome e apelidos: María Jose´ Sánchez Cabado.

Se presentou fora de prazo a seguinte solicitude:

- Núm. de rexistro de entrada:202400000000451 de 30.10.2024.Nome e apelidos: María Luisa Espiñeira Fachal.

Visto o informe de Secretaría de data 01.10.2024.

Esta alcaldía, propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Excluir do proceso a Dona María Luisa Espiñeria por presentar a instancia fóra de prazo

Segundo.-Elixir Xuíz de Paz Titular á única candidata presentada Dona María José Sánchez Cabado.

Terceiro.- Que se remita certificación do presente acordo e expediente completo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala de Goberno), ós efectos conseguintes.”

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, e co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación co seguinte resultado:

Votos a favor (8 ): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE),, ,Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos

### **3.-RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS INFORMES DE REPARO SUSPENSIVO DE INTERVENCIÓN:EXPEDIENTE 2024/X999/000135.**

Dáse lectura á proposta da alcaldía que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE: 2024/X999/0000135

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA: REPARO SUSPENSIVO FORMULADO POR INTERVENCIÓN

Visto que con data 18/11/2024, formulouse reparo suspensivo ao recoñecemento das obrigas por parte da Intervención deste Concello sobre as seguintes facturas polo importe **de 6.316,08€** :

<b>RAZÓN SOCIAL</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>Nº FACTURA</b>	<b>DATA EXPEDIC.</b>	<b>DATA REXISTRO</b>	<b>APLICACIÓN ORZAMENT</b>	<b>IMPORTE</b>
LUCRECIA REY CAMPOS	REDACCION DO PROXECTO MELLORADO DO PARQUE INFANTIL SANTIAGO DO CAMPO, CONCELLO DE SOBRADO	024 012	31/10/2024	04/11/2024	920.22706	1.324,95
LUCRECIA REY CAMPOS	REDACCIÓN DO PROXECTO MELLORADO VIAL EN A LAXE-SANTÓ	024 013	31/10/2024	04/11/2024	920.22706	771,00
LUCRECIA REY CAMPOS	REDACCIÓN DO	024 014	31/10/2024	04/11/2024	920.22706	319,63

	PROXECTO MELLORA DO VIAL EN COSTOIA					
LUCRECIA REY CAMPOS	REDACCIÓN DO PROXECTO MELLORA DO VIAL EN AMENEDO - SAN VITORIO	024 017	31/10/2024	04/11/2024	920.22706	773,54
LUCRECIA REY CAMPOS	REDACCIÓN DO PROXECTO MELLORA DO VIAL GUIXO - A ARMADA	024 015	31/10/2024	04/11/2024	920.22706	923,33
LUCRECIA REY CAMPOS	REDACCIÓN DO PROXECTO MELLORA DO VIAL LOUSADO - SAN VITORIO	024 016	31/10/2024	04/11/2024	920.22706	1.023,19
LUCRECIA REY CAMPOS	REDACCIÓN DA MEMORIA VALORADA: MELLORA DA PISTA DE VILASUSO A BARRIO EN ZONA DE CONCENTRACIÓN DE PARCELARIA DE GRIXALBA	024 018	31/10/2024	04/11/2024	920.22706	1.180,44

Polos seguintes motivos:

### “CONCLUSIÓN

Este informe realízase exclusivamente a efectos da intervención previa prevista na normativa vixente e manifestando expresamente a non valoración das circunstancias de oportunidade, necesidade ou urxencia que motivan o acto suxeito a control.

. Esta intervención EMITE NOTA DE REPARO SUSPENSIVO ao recoñecemento da obriga das seguintes facturas:

RAZÓN SOCIAL	CONCEPTO	Nº FACTURA	DATA EXPEDIC.	DATA REXISTRO	APLICACIÓN ORZAMENT	IMPORTE
--------------	----------	------------	---------------	---------------	---------------------	---------

LUCRECIA REY CAMPOS	REDACCION DO PROXECTO MELLORADO DO PARQUE INFANTIL SANTIAGO DO CAMPO, CONCELLO DE SOBRADO	024 012	31/10/2024	04/11/2024	920.22706	1.324,95
LUCRECIA REY CAMPOS	REDACCIÓN DO PROXECTO MELLORADO VIAL EN A LAXE-SANTÓ	024 013	31/10/2024	04/11/2024	920.22706	771,00
LUCRECIA REY CAMPOS	REDACCIÓN DO PROXECTO MELLORADO VIAL EN COSTOIA	024 014	31/10/2024	04/11/2024	920.22706	319,63
LUCRECIA REY CAMPOS	REDACCIÓN DO PROXECTO MELLORADO VIAL EN AMENEDO - SAN VITORIO	024 017	31/10/2024	04/11/2024	920.22706	773,54
LUCRECIA REY CAMPOS	REDACCIÓN DO PROXECTO MELLORADO VIAL GUIXO - A ARMADA	024 015	31/10/2024	04/11/2024	920.22706	923,33
LUCRECIA REY CAMPOS	REDACCIÓN DO PROXECTO MELLORADO VIAL LOUSADO - SAN VITORIO	024 016	31/10/2024	04/11/2024	920.22706	1.023,19
LUCRECIA REY CAMPOS	REDACCIÓN DA MEMORIA VALORADA: MELLORA DA PISTA DE VILASUSO A BARRIO EN ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE GRIXALBA	024 018	31/10/2024	04/11/2024	920.22706	1.180,44

polos seguintes motivos:

-Insuficiencia de crédito presupostario no orzamento 2024 na partidas orzamentarias

-Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.: non cumprimento do artigo 118 LCSP( informe de necesidade, non fraccionamento do obxecto do contrato,

Cando o órgano xestor non acepte o reparo formulado polo órgano interventor no exercicio da función interventora, formularalle ao presidente da entidade local unha discrepancia.

Malia o disposto no número anterior, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

- a) Se baseen en insuficiencia ou inadecuación de crédito.

Éste é o meu informe, que someto a calquera outro mellor fundado en dereito, sen prexuízo de que o órgano competente para resolver acorde o que estime oportuno”

Esta alcaldía entende que debe aprobarse o recoñecemento da obriga por tratarse de obras , servizos e suministros necesarios, que efectivamente se prestaron , que constan coa miña conformidadee e que o non pago das mesmas entraría en colisión coa teoría do Enriquecemento Inxusto amplamente recoñecido pola nosa doutrina.

Vista a documentación que acompaña e de acordo co establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no concernente ao órgano que ten que resolver as discrepancias,esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Resolver a discrepancia plantexada pola Intervención e que se continue co procedemento e imputar o gasto ao presuposto do exercicio 2024 unha vez se produza o recoñecemento extraxudicial de crédito polo Pleno.”

Non se producen intervencións e procédese a votación da proposta de alcaldía, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (8: ): Luis Lisardo Santos Ares, , Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos (PSdeG-PSOE),, ,Jose Luis Rodríguez Ares(PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE) e José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Votos en contra (0) :

Abstencións:(1): Samuel Márquez Santos (Grupo Mixto)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos

### **CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN**

#### **4.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA 368/2024 a 461/2024**

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta aos concelleiros das resolucións da alcaldía da nº 368/2024 a 461/2024, que publicáronse para o seu coñecemento no portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Sobrado.

O Pleno queda enterado.

#### **5. DAR CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 3º TRIMESTRE DE 2024**

Dase conta do periodo medio de pago a provedores do 3º trimestre do 2024 que foi de 9,57 días.

O Pleno queda enterado.

#### **6.- MOCIÓNS DE URXENCIA**

O sr. alcalde , en virtude do establecido no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo municipal desexa someter á consideración do Pleno , por razón de urxencia, algún asunto non incluído na orde do día e que non teña cabida no turno de rogos e preguntas.

Non se plantexa ningunha moción.





Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A  
Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es -

## **7.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:50 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria , dou Fe.

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE*